



DEPUTACIÓN OURENSE  
PRESIDENCIA

Copia

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REXISTRO XERAL	
22 JUN. 2016	
N.º ENTRADA	N.º SAIDA 9360

En contestación á petición de data 1 de xuño de 2016, en relación coa petición de data 5 de maio con nº de rexistro 13110 referida ao "viaxe do presidente o día 4 a Madrid..." indícolle que a información que vostede solicita, como xa lle indiquei en escrito de data 9 de maio, está a súa disposición na web da Deputación. De tódolos xeitos informarlle que o día 4 acudín a presentación do estudo "Turismo termal en España", que tivo lugar na Casa de Galicia (rúa Casado del Alisal), en Madrid. No acto tamén interviron o autor do estudo, Mario Crecente; o director xeral de "Vuelta a España", Javier Guillén; o director xeral da Escola de Organización Industrial (EOI), Fernando Bayón, e o director da Casa de Galicia en Madrid, José Ramón Ónega. Achégolle copia da nota de prensa da Deputación en relación con esta presentación.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 20 de xuño de 2016



O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.